

bro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común para o funcionamento dos órganos colexiados.

4. As reunións do Comité de Autoridades Competentes serán convocadas polo seu presidente acompañadas da orde do día e, se é o caso, dos documentos que sexan precisos para o seu adecuado desenvolvemento. Para este efecto, o presidente solicitará coa antelación suficiente un informe previo aos órganos estatais e autonómicos competentes sobre os asuntos incluídos na orde do día.

5. Os vogais poderán asistir ás reunións do Comité de Autoridades Competentes acompañados dun asesor.

6. O Comité de Autoridades Competentes reunirse cando menos dúas veces ao ano.

#### Artigo 7. *Das atribucións do Comité de Autoridades Competentes da demarcación.*

1. O Comité de Autoridades Competentes terá como funcións básicas:

a) Favorecer a cooperación no exercicio das competencias relacionadas coa protección das augas que posúan as distintas administracións públicas no seo da respectiva demarcación hidrográfica.

b) Impulsar a adopción polas administracións públicas competentes en cada demarcación das medidas que exixa o cumprimento das normas de protección do texto refundido da Lei de augas.

c) Proporcionarlle á Unión Europea, a través dos órganos competentes da Administración xeral do Estado, conforme a normativa vixente, a información relativa á demarcación hidrográfica que se requira.

2. En relación á cooperación directa entre as autoridades competentes no exercicio das competencias relacionadas coa protección das augas serán cometidos do Comité de Autoridades Competentes da demarcación os seguintes:

a) Favorecer a cooperación na elaboración de plans e programas.

b) Impulsar a adopción de acordos e convenios entre as distintas administracións públicas.

c) Supervisar a actualización do Rexistro de Zonas Protexidas.

3. No proceso de planificación hidrolóxica, serán cometidos do Comité de Autoridades Competentes da demarcación hidrográfica os seguintes:

a) Facilitar e garantir a achega de información por parte das autoridades competentes, requirida polo Consello da Auga da demarcación para a elaboración dos plans hidrolóxicos da demarcación.

b) Facilitar a cooperación entre autoridades competentes para a elaboración do esquema sobre os temas importantes da planificación hidrolóxica.

c) Facilitar a cooperación entre as autoridades competentes na elaboración dos programas de medidas e a súa incorporación ao Plan Hidrolóxico da demarcación hidrográfica.

Disposición adicional única. *Constitución dos comités de autoridades competentes.*

O Ministerio de Medio Ambiente, a través dos correspondentes organismos de bacía, levará a cabo as actuacións necesarias para que se poidan constituír os comités de autoridades competentes no prazo de tres meses a partir da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo.*

O ministro de Medio Ambiente ditará as normas que resulten precisas para o desenvolvemento e aplicación do previsto neste real decreto, sen prexuízo das competencias que en materia de cooperación internacional con outros Estados lle corresponden ao Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de febreiro de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,  
CRISTINA NARBONA RUIZ

## XEFATURA DO ESTADO

**2383** *CORRECCIÓN de erros da Lei 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior. («BOE» 31, do 5-2-2007.)*

Advertidos erros na Lei 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 18 en lingua galega, do 16 de decembro de 2006, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 2596, columna esquerda, onde di: «Artigo 10. Consello Xeral da Emigración.

1. O Consello Xeral da Emigración é un órgano...». Debe dicir: «Artigo 10. Consello Xeral da Cidadanía Española no Exterior.

1. O Consello Xeral da Cidadanía Española no Exterior é un órgano...».

## MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

**2480** *ORDE TAS/195/2007, do 2 de febreiro, pola que se establece a concesión de subvencións para financiar programas destinados á formación e inserción de traballadores inmigrantes. («BOE» 32, do 6-2-2007.)*

A Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, ao enumerar no seu artigo 2 os obxectivos da política de emprego, inclúe na alínea g) «Coordinar a súa articulación coa dimensión do fenómeno migratorio...».

Así mesmo, o artigo 13.e), punto 3.º, da mesma lei establece, entre as competencias do Servizo Público de Emprego Estatal, a xestión de programas de intermediación e políticas activas de emprego cuxo obxectivo sexa a integración laboral de traballadores inmigrantes, realizados nos seus países de orixe, facilitando a ordenación dos fluxos migratorios.

Estes programas de intermediación e políticas activas de emprego teñen tamén como obxectivo cubrir as necesidades de moitas empresas en España que non encontran man de obra cualificada no mercado laboral nacional.

Por outro lado, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, establece no seu artigo 9 que, con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos na citada lei.

Así mesmo, o Real decreto 357/2006, do 24 de marzo, polo que se regula a concesión directa de determinadas subvencións nos ámbitos do emprego e da formación profesional ocupacional, sinala no seu artigo 2.1.k) que se autoriza a concesión directa das subvencións ás entidades públicas ou privadas de formación ou ás empresas para a impartición de accións de formación profesional ocupacional, no marco dos convenios de colaboración que incorporen o compromiso expreso de contratar unha porcentaxe de alumnos formados.

A presente orde ministerial prevé a concesión de subvencións destinadas a financiar un programa de formación para inmigrantes a través da subscripción de convenios de colaboración con entidades de formación, empresas ou organizacións de empresas que realicen accións de formación nos países de orixe dos alumnos e asuman o compromiso de contratación dunha porcentaxe daqueles unha vez finalizada a acción formativa.

Na súa virtude, consultadas as organizacións empresariais e sindicais máis representativas e as comunidades autónomas que asumiron o traspaso da xestión do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional, e logo de informe da Dirección Xeral de Inmigración da Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración, da Avogacía do Estado no Departamento e da Intervención Delegada da Intervención Xeral do Estado no Servizo Público de Emprego Estatal, dispoño:

#### Artigo 1. *Obxecto.*

1. Esta orde ministerial ten por obxecto o desenvolvemento e execución do Real decreto 357/2006, do 24 de marzo, polo que se regula a concesión directa de determinadas subvencións nos ámbitos do emprego e da formación profesional ocupacional, no que se refire ao establecemento de programas de formación, dirixidos á integración laboral de traballadores inmigrantes, realizados nos seus países de orixe, facilitando así a ordenación dos fluxos migratorios.

2. Son accións subvencionables, nos termos en que se recollen nesta orde, as accións de formación ou cursos e, de ser o caso, as prácticas profesionais de carácter non laboral, cuxo financiamento se rexerá polo establecido no Real decreto 631/1993, do 3 de maio, polo que se regula o Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional e as súas normas de desenvolvemento.

3. Os programas de formación poderán ser impartidos por entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, así como por organizacións ou organismos internacionais e, incluso, polo propio Servizo Público de Emprego Estatal ou en colaboración con este; neste último caso, a subvención entenderíase referida aos gastos ocasionados polo programa de formación que non sexan cubertos pola propia actividade formativa do Servizo Público de Emprego Estatal.

4. Estas subvencións rexeranse ademais de polo disposto nesta orde, polo establecido no citado Real decreto 357/2006, do 24 de marzo, pola Orde TAS/816/2005, do 21 de marzo, pola que se adecúan ao réxime xurídico establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, as normas reguladoras de subvencións que conceda o Servizo Público de Emprego Estatal nos ámbitos do emprego e da formación profesional ocupacional,

coa excepción do disposto nos artigos 4 e 5, así como polo artigo 8.2.c) do Real decreto 631/1993, do 3 de maio, desenvolvido polos artigos 15 e 16 da Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social do 13 de abril de 1994.

#### Artigo 2. *Financiamento do programa.*

As subvencións e axudas reguladas na presente disposición serán financiadas, con cargo á reserva que se estableza a favor do Servizo Público de Emprego Estatal, para a súa xestión directa, nos orzamentos xerais do Estado.

A concesión de subvencións polo Servizo Público de Emprego Estatal realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 19.101.241-A.482 do seu orzamento de gastos.

#### Artigo 3. *Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarias das subvencións destinadas a financiar a xestión dos programas obxecto da presente orde ministerial aquelas empresas ou asociacións de empresas que adquiren o compromiso de contratación da porcentaxe de alumnos formados, establecida nesta orde, sempre que reúnan os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### Artigo 4. *Obrigas dos beneficiarios.*

1. Os beneficiarios que fosen seleccionados para a xestión dos proxectos de formación sinalados no artigo 1 subscribirán o oportuno convenio de colaboración co Servizo Público de Emprego Estatal de acordo co establecido no artigo 8.2.c) do Real decreto 631/1993, do 3 de maio, así como nos artigos 15 e 16 da Orde do Ministerio de Traballo e Seguridade Social do 13 de abril de 1994.

2. Neste convenio de colaboración fixarase o compromiso de contratación por parte da entidade beneficiaria de, polo menos, o 60% dos alumnos formados.

3. En todo caso, os contratos estarán referidos a ocupacións que se encontren incluídas no continxente de traballadores estranxeiros en vigor cando a súa cobertura se realice de acordo coas súas normas reguladoras, no catálogo de ocupacións de difícil cobertura ou aquelas que fosen obxecto de certificación acreditativa da non-disponibilidade de candidatos emitida polo servizo público de emprego competente. A duración dos contratos será, preferentemente, por tempo indefinido e axustarase á prevista na modalidade contractual utilizada segundo a normativa vixente e a autorización de traballo que se pretenda tramitar.

4. Así mesmo, no convenio de colaboración especificaranse as características dos cursos, en canto a: contidos, instalacións, profesorado e demais elementos deste.

5. Na selección dos alumnos participarán as embaixadas de España ou, de ser o caso, as consellerías de Traballo e Asuntos Sociais, se existisen. A supervisión do correcto desenvolvemento das accións formativas corresponderá ao Servizo Público de Emprego Estatal, que poderá delegar todo ou parte desta nas consellerías de Traballo e Asuntos Sociais ou nas autoridades consulares españolas. Esta delegación, de ser o caso, someterase a informe da Dirección Xeral de Inmigración.

#### Artigo 5. *Alumnos.*

Os traballadores inmigrantes que participen nas accións de formación terán dereito á gratuidade da formación e terán cuberto o risco de accidente de traballo como consecuencia da súa participación nas accións formativas.

#### Artigo 6. *Procedemento de concesión da subvención.*

1. As subvencións para xestionar as accións formativas reguladas na presente orde ministerial outórganse

en réxime de concesión directa de acordo co previsto no artigo 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 357/2006, do 24 de marzo, polo que se regula a concesión directa de determinadas subvencións nos ámbitos do emprego e da formación profesional ocupacional.

2. A instrución do procedemento de concesión das subvencións levaraa a cabo a Subdirección Xeral de Xestión de Formación Ocupacional do Servizo Público de Emprego Estatal e a resolución e a subscripción do convenio de colaboración co beneficiario efectuaraa o director xeral do Servizo Público de Emprego Estatal.

#### Artigo 7. *Subvencións públicas.*

1. As subvencións correspondentes a este programa de formación serán as establecidas no Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional regulado polo Real decreto 631/1993, do 3 de maio, e as súas normas de desenvolvemento.

2. Ademais, poderanse considerar subvencións destinadas a sufragar os gastos de estadía e desprazamento do persoal técnico-docente que as empresas ou asociacións de empresas subscritoras dos convenios consideren necesario para a correcta execución das accións sempre que, a xuízo do Servizo Público de Emprego Estatal, tales gastos se consideren imputables ao programa.

#### Artigo 8. *Pagamento e anticipos.*

O pagamento das subvencións realizarase de acordo co establecido no artigo 34 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 88 e seguintes do seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Os beneficiarios poderán solicitar antes do comezo dos cursos o anticipo de ata o 100% da subvención que lles corresponda, logo da presentación de garantías na forma prevista na Orde TAS/1622/2002, do 13 de xuño, pola que se regula a forma de garantir, os beneficiarios das subvencións e axudas públicas que conceda o Instituto Nacional de Emprego, os anticipos de pagamento sobre estas, así como os obrigados ao pagamento en período voluntario dos fraccionamentos e aprazamentos que se concedan, resultantes do procedemento de reintegro do citado organismo contido na Resolución do 20 de marzo de 1996.

#### Artigo 9. *Xustificación.*

1. Os beneficiarios deberán presentar no prazo de 3 meses, desde a terminación das accións formativas, un informe xustificativo ante o Servizo Público de Emprego Estatal, en que se dea conta do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos, de acordo co sinalado no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e as súas normas de desenvolvemento.

2. Así mesmo, deberase presentar unha relación dos contratos asinados, que acredite o cumprimento do compromiso de contratación, na ocupación ou ocupacións afíns á formación recibida polos alumnos.

#### Artigo 10. *Incompatibilidades.*

As subvencións reguladas na presente orde ministerial serán incompatibles con calquera outra subvención, axuda, ingreso ou recurso para a mesma finalidade procedente de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, a salvo do disposto no artigo 1.3 da presente orde, no que fai referencia á participación do Servizo Público de Emprego Estatal.

#### Artigo 11. *Reintegro das subvencións.*

1. Ademais das causas de invalidez da resolución de concesión, recollidas no artigo 36 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, darán lugar á obriga de reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, así como a exixencia do xuro de demora desde a data do pagamento da subvención ata que se acorde a procedencia do reintegro desta, os casos recollidos no artigo 37 da citada lei.

2. No caso de incumprimentos parciais determinárase a cantidade que deberá reintegrar o beneficiario respondendo ao principio de proporcionalidade en función dos custos xustificidos e as actuacións acreditadas, de conformidade co disposto no artigo 37.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en relación co artigo 17.3.n) da citada lei.

#### Disposición adicional primeira. *Participación das comunidades autónomas.*

O Servizo Público de Emprego Estatal facilitará información ás comunidades autónomas, no seo da Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais, así como no Consello Superior de Política de Inmigración, sobre o continxente de traballadores estranxeiros susceptibles de contratación, previa a formación nos seus países de orixe.

As comunidades autónomas en cuxos territorios se realicen os convenios con compromiso de contratación dos traballadores estranxeiros, asinados polo Servizo Público de Emprego Estatal, poderán colaborar no seu desenvolvemento e seguimento.

No ámbito das súas competencias, os servizos públicos de emprego autonómicos, en coordinación co Servizo Público de Emprego Estatal, poderán subscribir os convenios de colaboración cando os traballadores estranxeiros vaian ser contratados no territorio dunha soa comunidade autónoma, sendo financiados con cargo ao orzamento xestionado por esta.

Neste último suposto, as comunidades autónomas informarán no seo da Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais, así como no Consello Superior de Política de Inmigración, dos convenios de colaboración subscritos por cada unha delas.

#### Disposición adicional segunda. *Normativa migratoria.*

Para a realización dos programas de formación regulados na presente orde, será preciso, en todo caso, o informe favorable da Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración previo á sinatura do correspondente convenio, e que versará sobre o cumprimento da normativa aplicable en materia de estranxeiría e inmigración de acordo co establecido no artigo 6.1.k) do Real decreto 1600/2004, do 2 de xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Tráballo e Asuntos Sociais.

#### Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase o director xeral do Servizo Público de Emprego Estatal para ditar cantas resolucións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta orde.

#### Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.7.<sup>a</sup> da Constitución.

#### Disposición derradeira terceira. *Normativa supletoria.*

En todo o non regulado expresamente nesta orde será de aplicación supletoria o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regu-



lamento de desenvolvemento, no artigo 3 do Real decreto 357/2006, do 24 de marzo, así como o establecido no Real decreto 631/1993, do 3 de maio, polo que se regula o Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional, ou norma que o substitúa.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 2 de febreiro de 2007.–O ministro de Traballo e Asuntos Sociais, Jesús Caldera Sánchez-Capitán.

## MINISTERIO DE XUSTIZA

**2590** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 45/2007, do 19 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento da organización e réxime do Notariado, aprobado polo Decreto do 2 de xuño de 1944. («BOE» 33, do 7-2-2007.)*

Advertido un erro no Real decreto 45/2007, do 19 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento da organización e réxime do Notariado, aprobado polo Decreto do 2 de xuño de 1944, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 3, do 1 de febreiro de 2007, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 555, primeira columna, detrás da expresión: «Artigo 1», debe inserirse o seguinte parágrafo:

«O notariado está integrado por todos os notarios de España, con idénticas funcións e os dereitos e obrigas que as leis e os regulamentos determinan.»

## MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**2591** *ORDE EHA/213/2007, do 1 de febreiro, pola que se fixan limiares relativos ás estatísticas de intercambios de bens entre Estados membros da Unión Europea para o ano 2007. («BOE» 33, do 7-2-2007.)*

O artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 638/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, sobre as estatísticas de intercambios de bens entre Estados membros e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 3330/1991 do Consello, faculta os Estados membros a aplicar medidas de simplificación permitindo que estes establezan «limiares de exención e limiares de simplificación», expresados en valores anuais de comercio intracomunitario para cada un dos fluxos, por debaixo dos cales os responsables da subministración da información estarán exentos de facilitar información Intrastat ou poderán facilitar información simplificada.

De igual forma, o artigo 13 do Regulamento (CE) n.º 1982/2004, da Comisión, do 18 de novembro de 2004, polo que se aplica o Regulamento (CE) n.º 638/2004, no referente aos «limiares estatísticos», atribúelles aos Estados membros a facultade de determinar, de conformidade

coas normas de cálculo previstas ao respecto, os valores dos mencionados limiares.

Así mesmo, o artigo 8.2 do mencionado regulamento establece que se poderá recoller a información correspondente ao valor estatístico dos intercambios realizados da parte dos subministradores de información, cuxos intercambios ascendan a un máximo do 70% do total de intercambios do Estado membro correspondente expresados en valor. Por esta razón, incorpóranse á orde os «limiares estatísticos» por debaixo dos cales se exime da obriga de consignar o valor estatístico na declaración.

Tendo sido encomendada á Axencia Estatal de Administración Tributaria, do Ministerio de Economía e Facenda, polo Real decreto 1911/2004, do 17 de setembro, de aprobación do Plan Estatístico Nacional 2005-2008, e dentro daquela, pola Orde do Ministerio da Presidencia do 11 de xullo de 1997, pola que se reorganizan os servizos centrais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, ao Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais, a elaboración e análise das estatísticas do comercio exterior e do intercambio de bens entre Estados membros, é por canto resulta procedente adoptar as medidas conducentes á mellor consecución do fin asignado.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Limiares de exención.*

Os limiares de exención, de acordo co establecido no artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 638/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, sobre as estatísticas comunitarias de intercambios de bens entre Estados membros e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 3330/1991, do Consello, quedan fixados para o ano 2007 nos seguintes importes:

1. Introducións na Península e Baleares de mercadorías procedentes doutros Estados membros da Unión Europea: 200.000,00 euros de importe facturado acumulado no exercicio precedente ou no corrente.
2. Expedicións desde a Península e Baleares de mercadorías con destino a outros Estados membros da Unión Europea: 200.000,00 euros de importe facturado acumulado no exercicio precedente ou no corrente.

Artigo 2. *Limiares estatísticos.*

Os «limiares estatísticos», de acordo co establecido no artigo 8 do Regulamento (CE) n.º 1982/2004, da Comisión, do 18 de novembro de 2004, polo que se aplica o Regulamento (CE) n.º 638/2004, do 31 de marzo de 2004, sobre as estatísticas comunitarias de intercambio de bens entre Estados membros e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1901/2000, do 7 de setembro de 1999, e (CEE) n.º 3590/1992, do 11 de decembro de 1992, en canto á obriga de consignación na declaración do «valor estatístico», quedan fixados para o ano 2007 nos seguintes importes:

1. Introducións na Península e Baleares de mercadorías procedentes doutros Estados membros da Unión Europea: 6.000.000,00 de euros de importe facturado acumulado no exercicio precedente ou no corrente.
2. Expedicións desde a Península e Baleares de mercadorías con destino a outros Estados membros da Unión Europea: 6.000.000,00 de euros de importe facturado acumulado no exercicio precedente ou no corrente.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2007.

Madrid, 1 de febreiro de 2007.–O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.